



MARIA XOSE ALFONSO TORRES (1 para 1)
ALCALDESA
Data de Sinatura: 04/04/2017
HASH: 45b648b7c6a820181628ab4a1d17aa3



Achego certificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Muros, de aprobación da PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A SITUACIÓN DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE MUROS.

Muros, asinado dixitalmente pola alcaldesa D^a María Xosé Alfonso Torres, na data que figura na marxe.

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (Fegamp)
Area Central, Rúa de Varsovia, 4C
15707 Santiago de Compostela

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981826050. Fax: 981762257



Cod. Validación: 67N3PQHKLMSZ6JHQ5RXDWCL6A | Corrección: <http://muros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

CERTIFICADO

D. Ramón Manuel Formoso Fernández, secretario accidental do Concello de Muros,
CERTIFICO

Que, o Pleno da Corporación do Concello de Muros, na sesión ordinaria do 30 de marzo de 2017, por unanimidade dos doce concelleiros presentes, acordou aprobar a seguinte PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A SITUACIÓN DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE MUROS:

"Exposición de motivos:

O Consello de Ministros ven de aprobar o Real decreto 195/2017, de 3 de marzo, polo que se modifica a demarcación dos Rexistros da Propiedade, mercantís e de bens mobles.

Neste Real Decreto se procede a agrupar o Rexistro de Muros ao de Corcubión, que pasan a estar integrados e desempeñados por un único rexistrador, situado na oficina de Corcubión, que terá a consideración de oficina principal, segundo dispón a citada normativa, aprobada polo Goberno Central.

A realidade coa que nos atopamos é que a praza de rexistrador da propiedade de Muros desaparece, manténdose inicialmente unha oficina dependente do Rexistro de Corcubión, que é onde radicará a demarcación do Rexistro e a sede da oficina do rexistrador da propiedade.

As medidas adoptadas con respecto ao Rexistro de Muros (que de facto pasa a desaparecer e integrarse no de Corcubión) supoñen o recorte dun servizo público esencial, que pode obrigar aos veciños de Muros a ter que trasladarse para realizar trámites de especial transcendencia, xa que fai presumir que estas medidas constitúen o primeiro paso para a supresión definitiva deste servizo no término municipal de Muros.

Resulta indiscutible que unha Vila da importancia de Muros debe contar con servizos como o do Rexistro da Propiedade, vital desde o punto de vista administrativo e socioeconómico para este municipio e a súa área de influencia.

Dende Muros estanse adoptando varias medidas, entre elas a recollida de sinaturas promovida polo PSdeG-POSE, que o Grupo Socialista manifesta por escrito que son 2.700 sinaturas que foron enviadas ao Ministerio e que se van dirixir á FEGAMP.

Por todo o exposto proponse ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte ACORDO:

- 1º) Rexeitar a integración do Rexistro da Propiedade de Muros no de Corcubión, aprobada polo Real decreto 195/2017, de 3 de marzo.
- 2º) Solicitar ao Ministerio de Xustiza que revoque esta medida e permita a permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros, dando traslado ao citado Ministerio do presente acordo plenario.
- 3º) Dar traslado do presente acordo plenario ao Goberno da Xunta de Galicia e aos Grupos Políticos do Parlamento de Galicia, aos efectos de instar o seu apoio á reivindicación da permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros.
- 4º) Instar que a agrupación dos rexistros sexa persoal e non funcional.
- 5º) Dar traslado á Deputación e á FEGAMP desta reclamación.

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981826050. Fax: 981762257

RAMON MANUEL FORMOSO FERNANDEZ (1 para 2)
secretario accidental

Data de Sinatura: 04/04/2017
HASH: 2a2771414330f933671951d73674e753



MARIA XOSE ALFONSO TORRES (2 para 2)
ALCALDESA

Data de Sinatura: 04/04/2017
HASH: 45b648b7c6e820181628ab4a1d1170a3



Cod. Validación: 4NRZ83kL1ATV6V5fR0HJSGHF64 | Corrección: http://muros.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestora es-Puñino | Páxina 1 a 2



6º) Que non se tome como referencia o número de asentos rexistrados na época de crise e que o criterio a utilizar sexa igual para todos/as.

7º) Instar aos concellos afectados a apoiar esta reivindicación"

E para que así conste, para os efectos oportunos, expido este certificado que asino dixitalmente co visto e prace da Sra. alcaldesa, en Muros, na data que figura na marxe

O secretario

Visto e Prace

A alcaldesa

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981826050. Fax: 981762257



Cod. Validación: 4NRZ6MMLATWEVS4RXHJSGHFE4 | Corrección: <http://muros.eedelectronica.gal/>
Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 e 2